

Cantos de Reis

Hoxe é día de Reis
primeira festa do ano,
xuntarémono-los seis
a comer o aguinaldo.

Empezabamos de risas
todos con grande unión
e por fin terminabamos
a comer nun xamón

Déano-lo aguinaldo
que traemos moita sede
un cabazo de bo viño
e dous litros de augardente

Empezabamos unidos
apenas fixemos caso
ó máis gordo de nós todos
que caía de borracho

Por alí quedou tirado
por alí fungaba outro
e ós que aínda seguimos
hanos de quedar moi pouco.

Este cantar tan bonito
está pronto a terminare
e se vos parece corto
vólvese a comenzare.

E se vos parece corto
vólvese a comenzare,
pero postos a escollere
preferimos terminare.